

r u t a s l i t e r a r i a s

Casa dos irmáns Camba

Capela da Encarnación


Praias do Terrón

O Concello de Vilanova de Arousa

O Cabo e o Casino

A Botica de Pepe Roig

A Casa do Pastor Pombo



Vilanova de

Julio Camba


A Casa de Pastor Pombo

Carmela e Lourdes son fillas de don Pastor Pombo, un recordado e benquerido mestre da vila, afillado dos pais de Camba (Manuel Camba Bóveda e Juana Andreu). Por esta relación, pódese afirmar que Pastor Pombo foi un dos mellores amigos do xenial periodista. As irmás Pombo Fernández viviron sempre na fermosa e antiga casa de pedra, construída sobre unha laxe, próxima ó Pazo do Cuadrante, que tanto frecuentara Julio nas primeiras décadas do século XX. As palabras das irmás sempre destilaron emoción ó evocar as vivencias que compartiron con aquel home "sencillo y cariñoso", con aquel dandí sibarita que vestía tan elegante e que, ademais, de mozo, "era guapo el condenado".

Así sería se así é como o lembran elas. Como recordara Lourdes, "nos quería mucho, nos ponía regalos de Reyes y nos traía alguna chuchería de los países que visitaba", como por exemplo unha granxa de xoguete en madeira que lles trouxera dunha viaxe a Alemaña. Julio Camba tamén lles contaba algunhas aventuras de viaxeiro, como aquela de cando durmía no soto do xornal La Prensa de Bos Aires cos seus camaradas anarquistas, perseguidos pola Policía argentina. Por certo que, antes desta súa célebre escapada americana, tanto Julio como o seu irmán Francisco deran clases de ensino primario a nenos e nenas da vila, según explica Miguel Camba a Socorro Girón na carta recollida en *Julio Camba. Escritor novecentista*.

Cando se produciu o seu pasamento (28 de febreiro de 1962) foron moitos os xornalistas e escritores que aportaron a súa particular visión do finado. Gústame reproducir as palabras de Manuel Aznar, ex director de ABC, cando escribe: "Me llamaba director, pero a Camba nunca lo dirigió nadie. Es el espíritu más libre que jamás haya conocido".

Autores: Benito Leiro Conde y Angela Garra Oubiña



O Cabo o Casino


Cara o mediodía Julio Camba marchaba a dar un paseo con don Pastor e cos seus amigos por beiramar, percorría as obras do porto e contemplaba a Ría de Arousa.

Julio describe así a Ría de Arousa no seu libro Playas Ciudades y Montañas: "Cuando más, en Madrid se figuran que las rías son un femenino de los ríos, y no hay manera de explicarles lo que es, por ejemplo, la ría de Arosa. ¡Esta ría de Arosa, que en Inglaterra y en América tiene más popularidad que en todo el resto de España!(...)Sí, señores; es una maravilla. Yo lo aseguro, bajo mi palabra de honor, que vale mucho más que un párrafo descriptivo"...

O desaparecido Casino, situado na rúa do Cabo ata ben entrados os anos 50, era o escenario da súa tertulia vilanovesa. Alí debatía cos influentes salgadeiros Ricardo Llauger, Juan Pérez Lafuente, Ricardo González, ou Francisco Lafuente (este tamén fora compañeiro de correrías infantís de don Ramón María, según descubrimento dos Amigos de Valle-Inclán); o diplomático Pepe Che Rivero, Francisco o xastre e Ventura Portas, así como Juanito Pacheco, conserxe do Casino nos anos 40. Alí pasaban as horas de lecer xogando ás cartas e rifando sobre temas de actualidade, como a II Guerra Mundial. Julio Camba seguía de preto as incidencias bélicas (foi testemuña das dúas conflagracións do século XX) a través da radio e mesmo traducía ós seus compañeiros crónicas da BBC. O periodista declarouse anglófilo fronte a maioría dos contertulios, que eran xermanófilos.

A Botica de Pepe Roig

Outro dos amigos foi o boticario Pepe Roig, home amigoso que preparaba unhas exquisitas sardiñadas. A propósito destas, comentaría en *La Casa de Lucilio*: "Yo suelo comer sardinas todos los años en Galicia, donde me las asa Pepe Roig, el boticario de Villanueva de Arosa (...). Todos los días, durante el verano, le llegan a Pepe Roig gentes de Cambados, de Pontevedra, de la Puebla y de Portosín, que, atraídas por su fama de *Vatel de las sardinas* van a rogarle que les ase algunas, y no se sabe de nadie que haya hecho el viaje en valde (...). Para hacer una buena sardinada hay que elegir detenidamente la compañía (...). las sardinas saben muy bien pero tienen el problema de que saben durante mucho tiempo". Actualmente existe a Farmacia Pavía no solar da antiga rebotica de Pepe Roig.



Capela da Encarnación

Aínda que Julio Camba é bautizado o dezoito de decembro de 1884, dous días despois do seu nacemento na Igrexa parroquial de Santa María de Caleiro, distrito municipal de Vilanova de Arousa, o máis probable é que na súa nenez acudise a misa nesta capela cercana á súa casa onde celebraban liturxia naquela época don Ánxel Nodar, o presbítero, e don Xerónimo García Rosende, o párroco. A capela da Encarnación encontrase ubicada no antigo barrio de Vilamaior, ten dous corpos e é de estilo románico. A porta inscríbese nun arco de medio punto e presenta austeridade nos seus elementos.

Praias do Terrón

Un artigo de Benito Leiro Conde, gañador do premio Julio Camba en 1999, baixo o título "Julio Camba, un nudista en Vilanova" permítenos alumear outro perfil do home libre que, malia a súa evolución constante cara os praceres da vida burguesa, sempre conservou certas actitudes de mozo ácrata. No devandito artigo resumíase a secreta afección de don Julio: "Le agradaba tomar el sol como Dios lo trajo al mundo en las tranquilas playas de O Terrón. Cuando estaba sólo se encaramaba a una roca y se tostaba, pero sin ánimo de escandalizar".

Claro que este propósito de nudismo discreto supoño que sería máis difícil de lograr na sociedade pacata e conservadora daquela época e, pouco despois de ser publicado o artigo no Faro, reveláronnos outra anécdota aínda máis chamativa: en certa ocasión, mentres don Julio tomaba o sol en "sirolas", uns bromistas roubáronlle a roupa. Cando chegou a hora de volver, Julio Camba deitouse na gamela, para que non o viran espido os paseantes de beiramar, e o barqueiro amigo tivo que ir correndo á casa do practicante Camba para cubrir as "vergoñas" do agurado nudista en retirada.

O Concello de Vilanova de Arousa

O cariño de Julio Camba por Vilanova tamén se demostrou cando o seu amigo Pastor Pombo, liderando un grupo de notables da vila, lle pediu que intercedese para impedir que Vilagarcía anexionara o Concello de Vilanova, tal como fixera anos antes cos de Carril e Vilaxoán. Camba fixo valer algunhas influencias na capital abrindo as portas de certos despachos ó grupo que comandaba don Pastor, o cal, finalmente, logrou evitar a perda do Concello.



Julio Camba saboreou cada esquina de Vilanova coa mesma paixón que viviu a súa vida. Este gran xornalista, que foi un vangardista da palabra, un adiantado das letras do seu tempo, un viaxeiro infatigable, non esqueceu nunca o seu pobo natal e a súa casa do barrio de Vilamaior, hoxe convertida en museo. A pesar de que Julio Camba abandonou Vilanova a unha idade moi nova, na súa terra arousá sempre buscou o seu remanso de paz, ese lugar onde o escritor recalaba periodicamente para pasearse polo peirao, mergullarse en longas tertulias cos seus amigos do Casino ou desfrutar dun baño nas praias do Terrón. Julio Camba non só adicou a súa pluma incisiva e certeira a describi-la actualidade do seu tempo. Nos seus escritos reservou tamén un lugar importante á nostalgia e a eses espazos da súa Vilanova máis íntima como a escola de Pastor Pombo onde recibiu as súas primeiras ensinanzas ou o regusto das sardiñas que o seu gran amigo Pepe Roig preparaba coma ninguén. Os pasos deste gran articulista guíannos agora por unha Vilanova de contrastes e marcada fundamentalmente polo mar.

Casa dos irmáns Camba

A finais dos 70, a casa dos irmáns Camba atopábase en estado de abandono, pero anos máis tarde foi rehabilitada e acondicionada como Biblioteca. Finalmente a casa adicouse o seu destino natural, ser Casa-Museo e difundir o legado literario de Julio Camba e o do seu irmán Francisco a través dunha exposición que lembra as súas vidas e obras.

É unha edificación mariñeira con acceso exterior a planta alta que estaba destinada a vivenda. Na portada principal ten un escudo cuarteado en cruz con elementos ornamentais que indican as súas orixes nobres.

O patín tiña funcións moi concretas nesta zona: enxuga-la roupa, toma-lo sol, seca-as telas, encontros de amor,... pero segundo diversos testemuños, o patín estaba pechado e convertido nun pequeno zooloxario onde o pai de Julio e Francisco -practicante de medicina desenvolveu parte da súa actividade profesional. Unha estufa de carbón na sala quentaba as estancias da súa casa, porque Julio Camba era friorento e moi desordenado. A súa cama estaba sempre rodeada de feixes de roupa que non quería tirar ó lixo, porque sempre lle quedaban lecturas pendentes. Julio Camba pasou os anos da Guerra Civil en Vilanova. Era máis prudente quedar na casa, porque fora moi crítico coa República, cando esta derrocou a Monarquía de Alfonso XIII ano 1931, e sabía que non ía ser ben recibido en Madrid.

Dende algúns xornais da capital chegábanlle incisivas burlas dos seus detractores: "Camba anda escondido por Galicia rezando el rosario", escribían. Tratábase duna observación terxiversada, posto que aínda sendo respectuoso coa relixión na súa madurez, nunca foi practicante nin moito menos beato.

